

MEMORIA 2008



www.agaxede.org

I Congreso Galego de Xestión Deportiva

29 de Marzo 2008

PALACIO DE CONGRESOS - SANTIAGO DE COMPOSTELA

ORGANIZA: Asociación Galega de Xestores Deportivos



FAGDE

Federación de Asociaciones de
Gestores del Deporte de España



Consejo
Superior de
Deportes



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte



DEPUTACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.dicg.org.es



PALACIO DE
CONGRESOS
E
EXPOSICIÓN
DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO



FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO
Creando deporte á base



COLEXIF
CAFDG

BREVE DESCRIPCIÓN DE AGAXEDE

NATUREZA XURÍDICA

A Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE) é unha entidade sen ánimo de lucro creada no ano 1998, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia ó abeiro do artigo 22 CE e, na actualidade, no marco da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e do seu desenvolvemento regulamentario.

AGAXEDE ten o seu domicilio social na Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física (Universidade da Coruña), nembargantes a curto prazo cambiará a sua sede para o edificio municipal que xa foi cedido polo Concello de Oleiros. O ámbito de actuación comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINS E ACTIVIDADES

O obxecto social de AGAXEDE é o fomento e desenvolvemento da xestión deportiva de calidade nos ámbitos público e privado da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da formación permanente, a organización de actividades, o estudo, análise e difusión das cuestións que integran a xestión deportiva, así como o asesoramento e a colaboración nesta materia con todo tipo de institucións e entidades, de natureza pública ou privada, en especial cos nosos socios. Ó mesmo tempo, AGAXEDE, para o cumprimento dos seus fins, e segundo os estatutos, levará a cabo as actividades seguintes:

- a. Celebración de cursos, xornadas, seminarios, conversas e congresos adicados que versarán sobre calquera área de coñecemento de aplicación na xestión deportiva.
- b. Prestación de servizos de asesoramento, informes, estudos, etc.
- c. Publicación dun boletín informativo.
- d. Creación dunha páxina Web.
- e. Creación e organización dos Premios Galicia de Xestión Deportiva.
- f. Cantas outras contribúan a acadar os fins da entidade.

BENEFICIOS PARA OS SOCIOS

Os socios dispoñen, ademais dos dereitos recollidos nos Estatutos, dos beneficios seguintes:

- Participar nas actividades formativas organizadas ou impulsadas pola asociación mediante unha bonificación do precio ou, no seu caso, de balde.
- Formar parte das comisións sectoriais que se constitúan, con dereito a voz e voto.
- Acceder ós contidos da área reservada da Web, entre outros, ós seguintes:
 - Consultas de balde.
 - Lexislación xeral e sectorial actualizada.
 - Relatorios e artigos de interese.
 - Observatorio do deporte.
 - Blog reservado para socios.
- Servizo de asistencia e asesoramento en materia de xestión deportiva.
- E outros que se poñan en marcha no desenvolvemento e funcionamento da entidade.

INTRODUCCIÓN

A xestión deportiva constitúe unha área de coñecemento no marco das ciencias do deporte que, nos últimos anos, atópase nun crecemento progresivo xerando novos postos de traballo, nos ámbitos público e privado. Como noutros sectores, este desempeño profesional require unha actualización permanente, que redundará nunha maior calidade na prestación dos servizos deportivos, que foi un dos motivos principais que inspirou, o 17 de marzo de 1998, o nacemento da Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE). A nosa entidade forma parte da Federación de Asociaciones de Gestores Deportivos de España, constituída no ano 2003 e integrada por outras asociacións autonómicas de Andalucía, Aragón, Baleares, Canarias, Castela-A Mancha, Cataluña, Euskadi, Extremadura, A Rioxa, Madrid, Murcia e Valencia.

A finalidade é reunir a todos os interesados e profesionais en torno a unha organización representativa, coa capacidade de xerar actividades e servizos que respondan ás necesidades e á defensa dos intereses do sector da xestión deportiva. Coa celebración do congreso e a asemblea xeral de AGAXEDE no 2008, comeza unha nova etapa co fin de relanzar e consolidar esta organización galega. Sirva como anécdota que *“o primeiro congreso sobre xestión do que se teñen noticias foi convocado no 1882 pola Dirección Xeral de Correos de Alemaña. O tema da reunión –á que só foron invitados directores xerais- era como non ter medo do teléfono. Non acudiu ningún. Os invitados sentíranse aldraxados. A idea de que eles foran a usar o teléfono era impensable. O teléfono era para os subalternos”*, segundo refire Peter Drucker.




SANTIAGO DE
COMPOSTELA

PRESENTACIÓN DO CONGRESO A CARGO DE DON XOSÉ A. SÁNCHEZ
BUGALLO, ALCALDE DA CIDADE DE SANTIAGO

PRESENTACIÓN EN LUGO



PRESENTACIÓN EN OURENSE



DATOS DO CONGRESO

LUGAR: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro. 15707 Santiago de Compostela. (Telf.: 981 519 988)

DIRIXIDO A: Profesionais titulados e estudantes das ensinanzas da Actividade Física e o Deporte, persoal con responsabilidades de dirección deportiva e, en xeral, a calquera persoa con interese no ámbito da xestión deportiva, pública ou privada.

DESENVOLVEMENTO DO CONGRESO

PROGRAMA

O programa do congreso desenvolveuse de acordo ao previsto, con máis de douscentos participantes, principalmente galegos, sulíñando a presenza do presidente da FAGDE (Federación de Asociaciones de Gestores Deportivos de España) e dous representantes da Asociación Portuguesa de Xestores Esportivos. Houbo, tamén, presenza de estudantes das Facultades de Ciencias do Deporte e Educación Física de Vigo e da Coruña.

09.30	<i>Recepción e inscricións.</i>
10.00	<i>Apertura oficial.</i>
10.30	1ª Ponencia: O sistema deportivo galego. D. Javier Rico Díaz (Xerente da Fundación “Deporte Galego”)
11.00	2ª Ponencia: Análise e propostas sobre a Xestión Pública do deporte galego. D. José Otero Lamas (Xefe do Servizo Municipal de Deportes de Vigo).
11.45	<i>Pausa.</i>
12.15	Comunicacións.
13.30	Presentación do proxecto de futuro de AGAXEDE D. Eduardo Blanco Pereira (Presidente de Agaxede).
14.30	<i>Xantar.</i>
16.00	3ª Ponencia: Presente e futuro das empresas de servizos deportivos en Galicia. D. Braulio González Valeiro (Xerente da empresa Sidecu).
16.45	4ª Ponencia: Problemática e necesidades do asociacionismo deportivo galego. D. Vicente Gambau Pinasa (Presidente do COLEF de Galicia).
17.30	<i>Clausura oficial.</i>

Ao rematar o congreso, os novos socios de Agaxede recibiron en man o carné de socio e un exemplar dos Estatutos da entidade, publicados en galego e castelán.

COMITÉ ORGANIZADOR

- Eduardo Blanco (Presidente),
- Miguel Juane (Vicepresidente),
- Jesús Rodríguez (Área de Secretaría),
- Fernando Agulló (Área Económica),
- José Luís Salvador (Área Científica),
- Vicente Gambau (Área de Comunicación),
- José Garrote (Área de Voluntarios),
- Juan Garabato (Área de Control de Sala),
- Miguel Sánchez e Emilio Barral (Área de Relacións Públicas).

COMITÉ CIENTÍFICO

- José Luís Salvador Alonso (Presidente), Universidade da Coruña
- Vicente Gambau Pinasa, Universidade da Coruña
- Fernando Agulló Leal, Universidade da Coruña
- Manuel Hernández Vázquez, Universidad Politécnica de Madrid
- Antonio Campos Izquierdo, Universidad Politécnica de Madrid
- Luís Antolín Jimeno, Universidad de Valencia.
- Vicente Añó Sanz, Universidad de Valencia.

ASAMBLEA XERAL DE AGAXEDE

En Asemblea Xeral celebrada no Pazo de Congressos de Santiago de Compostela, no marco do I Congreso Galego de Xestión Deportiva, aprobouse o Plan de Actividades e Servizos para o ano 2008, conformado polas actividades seguintes:

- I Congreso Galego de Xestión Deportiva (celebrado).
- Cursos en colaboración coa EGAP, feitos na Coruña e Pontevedra.
- Convocatoria dos I Premios Galicia de Xestión Deportiva – 2008.
- Publicacións (estase a facer un “manual do concelleiro de deportes”).
- Organización de cursos e xornadas sobre contratos públicos, subvencións, responsabilidades civil e penal, etc.
- Convocatoria de dúas becas para estudantes.
- Colaboración coas Universidades galegas no desenvolvemento dos prácticum.
- Organización de visitas profesionais e de asistencia a eventos.

Mais, sen dúbida, o proxecto “estrela” da entidade, que se está a elaborar para solicitar axudas económicas que procuren a súa financiación, é o **Servizo de asistencia e asesoramento en Xestión Deportiva**, que nace coa vontade de apoiar os xestores deportivos, en especial, os dos pequenos concellos galegos e das entidades e asociacións deportivas que sobreviven en soedade e con moi poucas axudas. Unha prestación que se fará de balde para as asociacións e clubs deportivos do concello de Oleiros e para os socios de AGAXEDE.

FOTOS DO CONGRESO







RESUMEN DE PRENSA

MATERIAL DE COMUNICACIÓN
